

Cow comfort e tráfico libre



Diego e Ángel Luis co seu pai, Leandro Centeno

Mayor calidade de vida na granxa Centeno co muxido robotizado de Lely

Diego e Ángel Luis Centeno son os propietarios da gandería Centeno, situada en San Agustín del Pozo (Zamora). Coa recente robotización do seu negocio lograron unha maior liberdade tanto para eles como para os seus animais, ademais dun importante incremento na súa produción diaria.

Esta granxa zamorana dispón de 155 cabezas en total, das cales moxen 130 cunha media de produción de 41 kg/vaca/día. Tamén contan con 90 xatas nun centro de recría en Valencia. Actualmente, o seu número de muxiduras diarias é de 2,9 por animal.

O pai de Diego e Ángel Luis, Leandro, foi quen comezou con este proxecto; dezasete anos máis tarde, os seus fillos tomaron a remuda da empresa. A día de hoxe xestionan eles dous sós o negocio.

As principais razóns que os levaron a instalar robots de muxido na súa gandería eran mellorar a súa calidade de vida e suplir a falta de empregados á que se estaban enfrontando, ademais da busca dun maior volume de datos do seu rabaño. Tras a súa boa experiencia, opinan que este sistema se vai converter no futuro das granxas leiteiras.

OS ASTRONAUT A5 COMO SINÓNIMO DE LIBERDADE

Hai xa máis dun ano que os Centeno decidiron implementar na súa explotación, ademais da sala de muxido convencional da que xa dispoñían, dous robots Lely Astronaut A5, cos que diminuíron a

súa carga de traballo de forma considerable. “Antes, cun empregado, librabamos unha fin de semana cada un, pero agora, grazas aos robots, podemos permitírnos descansar unha tarde cada un, alternándonos”, explica Ángel.

Ambos consideran que a actividade diaria da granxa cos robots é moito máis lixeira. Ángel recalca que “temos que estar presentes, pero é un traballo máis livián”.

A pesar de que aínda combinan a sala cos dous robots, Diego confesa que no futuro teñen pensado quedar unicamente cos A5.

SEGUIMIENTO MÁIS PORMENORIZADO DO GANDO

Cos Astronaut tamén levan a cabo unha supervisión máis exhaustiva dos exemplares, xa que lles permiten obter diferentes datos e, con estes, adiantarse a calquera tipo de complicación e utilíza-los ao seu favor.

Grazas ao programa de xestión Lely Horizon poden consultar aquela información que consideran relevante en todo momento, como a produción diaria, datos de ruminación, de inxestión, calidade do leite, número de células somáticas e un longo etcétera. Os irmáns afirman





que todos os días, unha vez que chegan á gandería, xa acceden á aplicación.

Tamara Castro, FMS en Lely Center Ávila, aclara que “se trata dun programa moi intuitivo que co tempo os gandeiros manexan ben”. Lely Horizon ten dúas versións: unha para ordenador e outra para móbil. A primeira consta de informes máis detallados e a segunda “está deseñada para un traballo diario, polo que poden ver se hai atrasos, se hai algún tratamento pendente etc.”.



Tamara Castro, FMS en Lely Center Ávila

UN SERVIZO TÉCNICO QUE ACHEGA SEGURIDADE

A confianza dos socios de Centeno en Lely estivo clara case desde un primeiro momento: “Cando decidimos instalar os robots, valoramos diferentes opcións, pero Lely gustounos moitísimo”, relata Ángel.

O servizo técnico é un dos aspectos que máis tiveron en conta á hora de tomar a decisión: “Hai moito persoal de apoio e témolos practicamente ao lado da casa”, polo que no caso de contar con algunha complicación saben que van ter unha asistencia rápida asegurada.

Para eles os Astronaut son, do mesmo xeito, completamente fiables, xa que durante o tempo que levan implementados no seu negocio non percibiron ningún tipo de problema. Ángel Centeno conta que “os robots non teñen apenas avarías e, se xorde algo, en moitas ocasións soluciónase rapidamente por teléfono”.

TRÁFICO LIBRE E VACAS MÁIS TRANQUILAS

Despois do período de adaptación correspondente, os animais comezaron a desenvolver a súa rutina diaria co tráfico libre que defenden en Lely. Desde aquel momento os irmáns Centeno sosteñen que case non teñen atrasos e que ven uns bos resultados.

Ángel declara que os exemplares están moito máis cómodos e que conseguiron unha media de produción de 41 kg por vaca e día –con picos de 44–, cando antes se situaban en 36.

Ademais, co tráfico libre lograron que as vacas sexan moito máis independentes: “Elas diríxense soas ao robot, non se lles molesta en absoluto e poden realizar todas as súas actividades cando queren”.



Tamén dispoñen dun Lely Collector e dun Lely Juno

CONFIANZA PLENA EN LELY

Á parte dos Lely Astronaut A5, Diego e Ángel adquiriron outras ferramentas da firma holandesa que lles facilitan o traballo na explotación.

Posúen un Lely Collector, que “molesta moito menos as vacas que unha arrobaeira convencional”, comenta Ángel. Ademais, utilizan o arrimador de comida Lely Juno, co que conseguiron que as visitas nocturnas ao robot se incrementasen. ■



O seu Lely Center local daralle máis información sobre este fito no muxido.

Lely Center Los Corrales	+34 606 022 405
Lely Center Outeiro	+34 671 646 745
Lely Center Aizoain	+34 676 182 349
Lely Center Trazo	+34 685 117 350
Lely Center Ávila	+34 665 772 747
Lely Center Vila Nova	+351 227 538 339

